

# PROPOSTA DO COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA SOBRE AXUDAS A MEDIOS EN GALEGO

## Consideracións xerais

Calquera axuda debe estar sometida aos principios de equidade e eficacia. A primeira baséase no cumprimento de parámetros obxectivos e a segunda na avaliación de se as axudas contribúen a conseguir, ou a aproximar, os fins pretendidos.

No que respecta ás axudas aos medios polo uso do galego, parece claro que, no que se refire a medios impresos, o cumprimento do criterio de eficacia é cuestionable. De entrada porque as condicións esixidas son laxas, e nin sequera se cumpren. Posiblemente se acadarían os mesmos resultados se cada medio decidira que contidos publica en galego segundo a demanda dos seus lectores.

Pola contra, o sistema actual ten mellores resultados nas axudas a medios radiofónicos, e terían moito máis se se cumprisen as condicións ao respecto do idioma galego que requirían as concesións das licencias.

No que atinxe ao actual sistema de axudas a medios impresos en galego (obxecto desta proposta), en realidade é unha axuda ás imprentas en moito máis medida ca os medios. Promóvese que se imprima, sen máis consideracións sobre que, con quen, ou para que.

## Primeiras conclusións comparativas

Aínda tendo realidades sociolingüísticas e mediáticas moi distintas, da análise comparativa dos sistemas que rexen noutras comunidades autónomas con outro idioma oficial a maiores do castelán (incluímos Asturias, aínda que non o ten, e tamén as do Ministerio de Cultura centradas especificamente nas publicacións culturais, polo elaborado dos seus criterios de valoración) pódense tirar as seguintes conclusións:

- As partidas destinadas a medios integramente no idioma propio son superiores ou similares ás dedicadas medios que combinan os dous idiomas.
- Hai unha esixencia xeral de profesionalidade dos editores, ben que a edición sexa o obxecto social da empresa, ben que as persoas físicas teñan o epígrafe do IAE correspondente.
- Os criterios de valoración teñen en conta os gastos de persoal e de elaboración de contidos.
- Ningunha comunidades exclúe das axudas os medios dixitais.

*Non facemos propostas sobre os medios dixitais, a maiores da consideración de que deberían ser obxecto tamén axudas. Salientar que o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia ten establecidos uns criterios para certificar que un dixital é un medio de comunicación, e non simplemente un blog ou unha web persoal.*

## **Proposta. Liñas xerais**

### **RAZÓN SOCIAL**

- É requisito imprescindible para poder optar ás axudas que as empresas demandantes teñan como obxecto social a edición, e, no caso das persoas físicas un epígrafe IAE compatible coa información ou a edición.

### **PERSOAL**

- Deberíase diferenciar, ben creando distintos apartados, ben introducindo factores de valoración, os autónomos que editan unha publicación, sen máis empregos que o propio, daquelas sociedades (limitadas, anónimas, cooperativas, etc) que teñen asalariados.
- Unicamente se deberán contemplar aqueles traballadores dedicados especificamente á elaboración de contidos, excluindo aos que poden realizar labores tanxentes con outras actividades (administración, almacenaxe, distribución...).
- O persoal de redacción debe ter o recoñecemento académico correspondente.
- Primar a paridade ou a maioría de presenza de mulleres na plantilla e nos cargos de dirección.

### **CONTIDOS**

- Debería ser requisito imprescindible que os contidos sexan elaborados pola redacción ou por colaboradores, completamente ou nunha porcentaxe elevada.
- Quedan excluídos as publicacións que sexan compendios de contidos alleos, ou que non identifiquen aos autores.

- Tampouco poderán optar ás axudas aqueles medios que inclúan publicidade relacionada coa explotación sexual.
- Os contidos publicitarios xerais ou autopromocións non deben supoñer unha porcentaxe superior ao 30% do total da paxinación.

### **CRITERIOS DE VALORACIÓN**

- Periodicidade: Diaria / Semanal / Mensual / Trimestral.
- Número de páxinas totais (ata 16 / ata 50/ 100 ou máis).
- Persoal contratado.
- Colaboradores remunerados.
- Ámbito de difusión: Local / Comarcal / Galicia / Universal.
- Versión dixital paralela á impresa.

### **GASTOS SUBVENCIONABLES**

*(Por orde de valoración)*

1. Elaboración de contidos (redacción, remuneración de colaboradores).
2. Impresión e distribución.
3. Comunicacions, consumibles.
4. Outros.

## ANALISE COMPARATIVA DAS DISTINTAS CCAA

	Cataluña	País Vasco	Navarra	C. Valenciana	Baleares	Asturias	Mº Cultura
<b>Orzamento</b>	4.235.000 euros (2.215.000 euros para diarias. 2.020.000 non diarias)	4.258.065 € -Pub impresas: 1.995.000 € -Radios locais: 436.065 € -TV locais: 1.506.750 € - Dixitais: 320.250 €	971.000 € (+46.500 € para aplicacións no entorno dixital).	2.900.000 € -1.210.000 € programa A, só valenciano. -1.690.000 € programa B, bilingüe.	700.000 €	100.000 €	
<b>Soportes</b>	<i>(Aquí só se relacionan as axudas a publicacións impresas. Distinguen entre ámbitos: nacional catalán, territorial e local)</i>	-Prensa impresa -Radios locais -TV locais -Dixitais	- Prensa impresa - Radio. - TV. - Dixital.	- Prensa impresa - Radio. - TV. - Dixital.	-Prensa diaria (papel / dixital). -Prensa local. -Publicacións especializadas -Radio -TV.	- Prensa impresa - Radio. - TV. - Dixital.	Publicacións non periódicas de interese cultural
<b>Tipos de axuda</b>	100% en catalán ou aranés.	Integramente en euskera	Prensa diaria en euskera: 115.000€. Prensa diaria q. usa o euskera: 60.000€.	A: Todo en valenciano B: Bilingüe	Mínimo 80-90% catalán	Axudas á produción de espazos en asturiano ou en galego-asturiano (no seu ámbito)	

			<p>Revistas en euskera 300.000€.</p> <p>Revistas q. usan o euskera: 60.000€.</p> <p>Radio en euskera. 300.000€.</p> <p>Radio que usa o euskera. 20.000€.</p> <p>Dixitais en en euskera. 60.000€.</p> <p>Dixitais q. usan o euskera. 6.000 €.</p>				
<p><b>Requisitos específicos Prensa escrita</b></p>	<p>Cada tipo de empresa e de publicación ten uns requisitos propios (tirada, tamaño, difusión). Os xerais son ter obxecto social de edición ou epígrafe de IAE. Respetar o Código deontolóxico e o</p>	<p>-Diario: Min. 4 núm./semana</p> <p>-Revista: Min 4 núm./ano</p> <p>16 pax inf. Xeral</p> <p>32 pax inf. Esp.</p>	<p>Diarios en euskera: 6 páx e 1000 copias x nº</p> <p>Diarios bilingües: 1 páx diaria ou 8 semanais. Tirada min: 10.000 ex.</p> <p>Revistas en euskera: 4 nºs ano</p> <p>Revistas bilingües: min. 4% en euskera.</p>	<p>A: Periodicidade anual</p> <p>Min. 24 páx.</p> <p>B :</p> <p>Min. 4-14 pax valenciano</p>	<p>Mínimo 90% en catalán</p>		

	uso non sexista da linguaxe. Contido periodístico propio						
<b>Requisitos específicos Radio</b>		-Emitir todo o ano. -Emisión en directo -Min. 25. /semana	En euskera: min 8 horas de produción propia Bilingües: 10% da programación	A: Todo en valenciano B: Min. 6 horas semanal	Mínimo 25 horas semanais Mínimo 80% en catalán		
<b>Requisitos específicos Televisión</b>		Emitir todo o ano. -Emisión en directo -Min. 10 h. /semana		A: Todo en valenciano B: Min. 6 horas diarias	Mínimo 25 horas semanais Mínimo 80% en catalán		
<b>Requisitos específicos Dixitais</b>		min 6 noticias /semana de 1.500 cc e un audiovisual.	En euskera: renovación quincenal Bilingües: 40% en euskera	A: Todo en valenciano. B: 20 noticias novas/semana	Ídem prensa impresa		
<b>Gastos subvencionables</b>	Edición, impresión, comercialización, publicidade e promoción	Todos os de creación, produción, difusión	Todos.	-Gastos de persoal. -Gastos indirectos. -Gastos de produción e difusión.	-Gastos salariais -Mantemento equipos informáticos. -Comunicacións -Produción do medio		Máx. 50% dos gastos de edición (produción, impresión, persoal)

<p><b>Criterios Valoración</b></p>	<p>Os criterios varían dependendo do ámbito de difusión, do número de traballadores, dos gastos de colaboracións. En xeral establecen unha cantidade por nº publicado (de 175€ a 1.074€) e logo outra por exemplar (sempre inferior a 1€).</p>	<p><i>A-Creación:</i> cantidade por páx. xerada ano <i>B-Distribución:</i> Cantidade por nº en kioskos e por subscriptores <i>C-Imprenta:</i> Cantidade segundo tirada e tipo de impresión.</p>	<p>Puntuación por superación progresiva de mínimos</p>	<p><i>Programa A:</i> -Páxinas -Tirada -Difusión anual -Visitas web <i>Programa B</i> -Páxinas en valenciano/nº -Horas de emisión en valenciano.</p>	<p>-Traballadores en nómina. -Subscriptores -Visitas web -Tirada total anual. -Nº de páxinas. -Nº de seguidores en RRSS.</p>	<p>a) Grado de elaboración, e concreción do proxecto (máx. 10 puntos. b) Grado de transversalidade na temática do proxecto: (máx 20 puntos) c) Adecuación aos obxectivos de normalización: (máx 20 puntos. d) Presenza do asturiano ou galego-asturiano no medio: (máx 20 puntos) e) Interese e calidade do proxecto: (máx. 15 puntos. f) Grado de corrección lingüística (máx. 15 puntos.</p> <p>Mínimo preciso, 50 puntos</p>	<p><b>-Interese cultural (máx 60 puntos)</b> -Valoración de contidos (máx 25) -Relevancia sociocultural (máx 15) -Deseño editorial (máx 15) -Coherencia presuposto (máx 5)</p> <p><b>-Criterios obxectivos</b> -Grado de actualización (máx 10, para revistas dixitais ou de edición simultánea) -Periodicidade (mensuarios: 10p; bimestrais, 8; trimestrais, 6; cuatrimestrais, 4. Semestrais, 2) -Número (medio) de páxinas: (máx</p>
------------------------------------	--	---	--	--	--	---	---



							<p>5 se supera as 125 páx)</p> <p>-Edición simultánea (máx 10 para edición en papel e dixital)</p> <p>-Xestión sostible (máx 5 cos certificados de sostib.)</p> <p>-Público minoritario (máx 10, segundo tirada)</p>
<b>Observacións</b>		Os plans son trianuais. Estes datos son do 2022-2024. Deben comunicar as contas	Deben comunicar as contas e os órganos de xestión e admón.				

## Links

### Cataluña

<https://dogc.gencat.cat/es/document-del-dogc/?documentId=922966>

<https://dogc.gencat.cat/es/document-del-dogc/index.html?documentId=900659>

### País Vasco

<https://www.euskadi.eus/y22-bopv/es/bopv2/datos/2022/07/2203126a.shtml>

<https://www.euskadi.eus/y22-bopv/es/bopv2/datos/2022/07/2203126a.pdf>

### Navarra

<https://bon.navarra.es/es/anuncio/-/texto/2022/45/8>

<https://www.navarra.es/es/tramites/on/-/line/ayudas-para-la-promocion-del-uso-del-euskera-en-la-prensa-escrita-radios-y-medios-de-comunicacion-online-2022>

### Valencia

[https://www.gva.es/pdf/PR17358\\_es.pdf](https://www.gva.es/pdf/PR17358_es.pdf)

[https://www.gva.es/es/inicio/procedimientos?id\\_proc=17358&version=red](https://www.gva.es/es/inicio/procedimientos?id_proc=17358&version=red)

[https://www.gva.es/es/inicio/procedimientos?id\\_proc=17358](https://www.gva.es/es/inicio/procedimientos?id_proc=17358)

### Baleares

<https://www.caib.es/seucaib/es/tramites/tramite/5235939/>

<https://www.caib.es/seucaib/ca/tramites/tramite/5235939>

### Asturias

<https://sede.asturias.es/bopa/2016/06/09/2016-05943.pdf>